



**FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO DESTINADO AO  
ALUMNADO MATRICULADO EN 3º E 5º DE PRIMARIA E 2º E 4º DE  
ESO PARA O CURSO 2015-16**

**DESTINATARIOS:**

- 3º e 5º de Educación Primaria e
- 2º e 4º de ESO

**REQUISITOS:**

- Que o alumno/a esté matriculado/a nun centro público.
- Ter devolto os libros de texto adquirido coas axudas do curso 2014-2015 unha vez feitos os exames e, COMO MÁXIMO, o 19 de xuño de 2015.

Agás o alumnado de 2º e 4º de ESO con materias pendentes, que poderán quedar como máximo ata o día 4 de setembro.

*A falta de devolución será causa de exclusión da participación no fondo solidario.*

**PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

Anexo I da Orde que regula o fondo solidario de libros de texto.

Entregarase UNHA SOLICITUDE por alumno/a.

**PRAZO DE PRESENTACIÓN**

Ata o 30 de xuño de 2015. Horario de atención: 10h a 13:30h.

***A presentación da solicitude implica que o/a solicitante se compromete a conservar os libros de texto en bo estado e devolvelos ao fondo solidario ao finalizar o curso 2015-16*** (ou durante o curso se hai traslado de centro).

**ASIGNACIÓN DOS LIBROS:**

Cando o Fondo Solidario non dispoña de exemplares para todos os alumnos e alumnas, a asignación de libros farase por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar.

Correspóndelles ás familias adquirir aqueles libros que non se lles asignen a través do Fondo, posto que este ano os cursos de 3º-5º de Primaria e 2º-4º de Secundaria non están incluídos no programa de Axudas para a adquisición de libros novos.

### **DOCUMENTACIÓN**

- Fotocopia do DNI dos membros computables da unidade familiar <sup>1</sup>.
- Libro de familia
- Documentación acreditativa no caso de discapacidade dalgúns dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude.
- Solicitude ANEXO I.

### **PUBLICACIÓN DA RELACIÓN DE SOLICITUDES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS**

O 7 de xullo de 2015 publicarase unha relación **provisional** de solicitudes admitidas e excluídas no taboleiro do centro e na páxina web.

As persoas interesadas poderán formular reclamación no centro os días 8 e 9 de xullo de 2015.

A relación definitiva de solicitudes admitidas e excluídas e a asignación de libros por alumno, publicarase no taboleiro e na páxina web do centro:

- 15 de xullo de 2015: 3º e 5º de Educación Primaria
- 15 de setembro: 2º e 4º de ESO.

O alumnado que non devolva os libros das materias suspensas en setembro quedará excluído, así como aquel que non promocióne e non se matricule en 2º e 4º ESO.

### **ENTREGA DOS LIBROS DE TEXTO**

Os libros entregarase no colexio ao comezo das clases.

No momento da entrega dos libros recibirase unha copia dun documento no que constará:

- Código da solicitude.

- Apelidos, nome e curso do alumno/a.
- Libros de texto entregados
- Observacións (calquera incidencia significativa)
- Nome, apelidos e DNI do pai/nai/titor legal do alumnado
- Declaración responsable das obrigas de usar e conservar en bo estado os libros de texto e devolvelos ao rematar o curso 2015-16.

Este documento estará asinado pola dirección do centro, o representante legal do alumnado e co selo do centro.

### **DEVOLUCIÓN E RECOLLIDA DOS LIBROS DE TEXTO**

Ao rematar o curso o alumnado deberá devolver os libros ao fondo solidario e recibirá un documento igual ao da recepción excepto que en lugar da declaración responsable constará:

- Entrega no centro, para a súa incorporación ao fondo solidario, os libros de texto nas condicións de libro: devolto/deteriorado.

---